



ASINADO POR

O alcalde-presidente do Concello de Culleredo
José Ramón Rioboo Castro
18/03/2025



NIF: P1503100H

Ref. Interna:
UAU/2025/VV/001

RESOLUCIÓN
INSTRUCCIÓN Nº1/2025 DA ÁREA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO
CRITERIO INTERPRETATIVO ORDENANZA 10 DE SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO, NO PXOU DE CULLEREDO

ANTECEDENTES

- VISTA a providencia de incoación da Concelleira delegada do 13.03.2025 (SEFYCU 5684640), que estima oportuno a elaboración e aprobación dunha instrución que de modo inequívoco fixe o criterio para aclarar a aplicación da normativa recollida en relación á Ordenanza 10 de solo non urbanizable de núcleo do Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU) vixente.
- CONSIDERANDO o informe emitido o 14.03.2025 (SEFYCU 5689974) pola Xefatura da Asesoría xurídica municipal (por atribución temporal de funcións, resolución Nº 2075/2024 do 04.12.2024) e pola Xefatura de área de Ordenación do territorio e medio ambiente (por atribución temporal de funcións, resolución Nº 2005/2024 do 26.11.2024), co seguinte teor literal:

""PROPOSTA INSTRUCCIÓN Nº1/2025 DA ÁREA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

CRITERIO INTERPRETATIVO ORDENANZA 10 DE SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO, NO PXOU DE CULLEREDO

ANTECEDENTES

- Providencia de incoación da Concelleira delegada do 13.03.2025 (SEFYCU 5684640), que estima oportuno a elaboración e aprobación dunha instrución que de modo inequívoco fixe o criterio para aclarar a aplicación da normativa recollida en relación á Ordenanza 10 de solo non urbanizable de núcleo do Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU) vixente, en base aos seguintes feitos e antecedentes:
 - *A Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, órgano consultivo ao que corresponde a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo conforme ao previsto no artigo 2.1.b) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a citada Xunta Consultiva, no seu informe do 19 de marzo de 2024, relativo ao "réxime aplicable ao solo incluído nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural de instrumentos de plan aprobados ao amparo da Lei 11/1985, do 22 de agosto, de adaptación da do solo a Galicia (Xerencia Rexional do Catastro de Galicia - A Coruña - Expediente XCP-24/011)" sinala que o solo incluído nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural de instrumentos de plan urbanístico aprobados ao amparo da LASGA resulta equiparable ao solo de núcleo rural, por imperativo da disposición transitoria primeira número 2 da LSG.*
 - *O vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU) do Concello de Culleredo foi aprobado definitivamente polo Pleno en sesión do 29 de xullo de 1987 (BOP de A Coruña, de data 30 de setembro do 1988) polo que non está adaptado á Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), nin ás súas posteriores modificacións.*
 - *A Ordenanza 10, solo non urbanizable de núcleo, aprobada no seu día no marco do PXOU contén unha redacción que non se atopa adaptada ás sucesivas modificacións da normativa do solo de Galicia, e conleva que se foran xerando dúbidas e diferencias de criterio ao longo do tempo -acompañadas precisamente coas ditas modificacións normativas- respecto da regulación dun aspecto esencial: as actuacións que poden ser ou non autorizadas nese ámbito de aplicación. Por iso estímase oportuno a elaboración e aprobación dunha instrución, que de modo inequívoco fixe o criterio para aclarar a aplicación da normativa recollida.*
 - *O artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público dispón que "1. Os órganos administrativos poderán dirixir as actividades dos seus órganos xerarquicamente dependentes mediante instrucións e ordes de servizo". Precepto que é similar ao 21 da derogada Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e que mesmo xa se contemplaba nas antigas circulares do artigo 7 da Lei de Procedemento Administrativo do 17 de xullo de 1958, cuxo contido pode ser moi diverso: fixar uns criterios para seguir polos funcionarios ante concretas situacións; ou a forma en que se ha de interpretar e aplicar algún precepto legal ou regulamentario; ou impoñer obxectivos a cumprir polas unidades administrativas.*
- O vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Culleredo foi aprobado definitivamente polo Pleno, en sesión do 29 de xullo de 1987 (BOP de A Coruña, de data 30 de setembro do 1988) polo que non está adaptado á Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, nin ás súas posteriores modificacións.
- As modificacións introducidas na normativa e ordenanzas do PXOU de Culleredo (1987), aprobadas pla antiga Comisión Provincial de Urbanismo (C.P.U.) en sesión de data 29 de maio de 1990 e publicadas no BOP da Coruña núm. 125, do 1 de xuño de 2007, definen as condicións de edificabilidade dos solos cualificados como Ordenanza 10 de solo non urbanizable de núcleo:

"(...) Ordenanza 10 de Suelo no urbanizable de núcleo

1.- **DEFINICIÓN.**-



ASINADO POR

O secretario xeral do Concello de Culleredo -FHN-
Rafael José del Barrio Berbel
18/03/2025



CONCELLO DE CULLEREDO

Código Seguro de Verificación: L2CA ACNZ LFRN MYEV W7H2

Resolución Nº 421 de 18/03/2025 "Resolución instrucción criterio interpretativo Ordenanza 10" - SEGRA 858156

A comprobación da autenticidade deste documento e outra información está dispoñible en <https://sede.culleredo.es/>



ASINADO POR

O alcalde-presidente do Concello de Culleredo
José Ramón Rioboo Castro
18/03/2025



NIF: P1503100H

Ref. Interna:
UAU/2025/VV/001

Comprende esta ordenanza los ámbitos limitados en los planos de ordenación, que de acuerdo con el art. 78 de T. R. no es posible su calificación como suelo urbano por carecer de los preceptivos servicios y no hallarse consolidado por la edificación en la forma estipulada reglamentariamente en el art. 21 de R. P., pero que por su carácter de proximidad al núcleo de población afinidad al mismo y por el tipo de parcelación con frente a caminos que presentan, se considera que aún siendo rústicos y no urbanizables forman parte del núcleo, de acuerdo con el art. 17 de L.S.G.

2.- DELIMITACIÓN.-

Se encuentran delimitados en los planos de ordenación a escala 1:5.000 y 1:2.000.

3.- REGIMEN.-

Las edificaciones que se tramiten al amparo de esta ordenanza serán aisladas y destinadas a los usos señalados en el art. 85 de T. R., si bien dado su carácter de pertenencia al núcleo no habrán de regirse en su tramitación por el procedimiento señalado en el art. 42 de L.S.G.

4.- CONDICIONES DE EDIFICACIÓN.-

TIPOLOGÍA EDIFICATORIA:

Se admiten exclusivamente edificaciones exentas destinadas a vivienda unifamiliar, con fachadas en todos sus vientos.

(...)".

- A Ordenanza 10 de solo non urbanizable de núcleo, aprobada no seu día no marco do PXOU, contén unha redacción que non se atopa adaptada ás sucesivas modificacións da normativa do solo de Galicia, e conleva que se foran xerando dúbidas e diferencias de criterio ao longo do tempo -acompañadas precisamente coas ditas modificacións normativas- respecto da regulación dun aspecto esencial: as actuacións que poden ser ou non autorizadas nese ámbito de aplicación. Por iso estímase oportuno a elaboración e aprobación dunha instrución, que de modo inequívoco fixe o criterio para aclarar a aplicación da normativa recollida.
- Partimos da premisa de que a modificación dunha normativa dun plan xeral só pode facerse polo mesmo procedemento legalmente previsto para a súa aprobación, e nese sentido, é evidente que unicamente se procede a aclarar o contido da Ordenanza 10 do PXOM conforme ás sucesivas reformas da normativa urbanística de Galicia, sen innovar o ordenamento xurídico e axustándose plenamente á prelación de fontes legais.
- O artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público dispón que "1. Os órganos administrativos poderán dirixir as actividades dos seus órganos xerarquicamente dependentes mediante instrucións e ordes de servizo". Precepto que é similar ao 21 da derogada Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e que mesmo xa se contemplaba nas antigas circulares do artigo 7 da Lei de Procedemento Administrativo do 17 de xullo de 1958, cuxo contido pode ser moi diverso: fixar uns criterios para seguir polos funcionarios ante concretas situacións; ou a forma en que se ha de interpretar e aplicar algún precepto legal ou regulamentario; ou impoñer obxectivos a cumprir polas unidades administrativas.

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia (LSG).
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia (RLSG).
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (PBA).
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Culleredo.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- A Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia, regula na Disposición transitoria primeira o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento:



ASINADO POR

O secretario xeral do Concello de Culleredo -FHN-
Rafael José del Barrio Berbel
18/03/2025





ASINADO POR

O alcalde-presidente do Concello de Culleredo
José Ramón Rioboo Castro
18/03/2025



NIF: P1503100H

URBANISMO E PLANEAMENTO

Expediente 1448712A

Ref. Interna:
UAU/2025/VV/001

"(...) 2. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:

(...)

c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.

d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico"

Resulta tamén de aplicación o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia, e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.

A Disposición transitoria primeira do RLSG engade que enténdese que resultan de aplicación neste caso as maiores limitacións que se regulen no planeamento respectivo, referidas aos parámetros urbanísticos ou posibilidades de utilización, non ao réxime xurídico xeral do solo de núcleo rural, que será, en todo caso, o establecido no artigo 36.

SEGUNDA.- As modificacións introducidas na normativa e ordenanzas do PXOU de Culleredo (1987), aprobadas pola antiga Comisión Provincial de Urbanismo (C.P.U.) en sesión de data 29 de maio de 1990 e publicadas no BOP da Coruña núm. 125, do 1 de xuño de 2007, definen as condicións de edificabilidade dos solos cualificados como Ordenanza 10 de solo non urbanizable de núcleo:

"(...) Ordenanza 10 de Suelo no urbanizable de núcleo

1.- DEFINICIÓN.-

Comprende esta ordenanza los ámbitos limitados en los planos de ordenación, que de acuerdo con el art. 78 de T. R. no es posible su calificación como suelo urbano por carecer de los preceptivos servicios y no hallarse consolidado por la edificación en la forma estipulada reglamentariamente en el art. 21 de R. P., pero que por su carácter de proximidad al núcleo de población afinidad al mismo y por el tipo de parcelación con frente a caminos que presentan, se considera que aún siendo rústicos y no urbanizables forman parte del núcleo, de acuerdo con el art. 17 de L.S.G.

2.- DELIMITACIÓN.-

Se encuentran delimitados en los planos de ordenación a escala 1:5.000 y 1:2.000.

3.- REGIMEN.-

Las edificaciones que se tramiten al amparo de esta ordenanza serán aisladas y destinadas a los usos señalados en el art. 85 de T. R., si bien dado su carácter de pertenencia al núcleo no habrán de regirse en su tramitación por el procedimiento señalado en el art. 42 de L.S.G.

4.- CONDICIONES DE EDIFICACIÓN.-

TIPOLOGÍA EDIFICATORIA:

Se admiten exclusivamente edificaciones exentas destinadas a vivienda unifamiliar, con fachadas en todos sus frentes.

(...)" .

TERCEIRA.- En relación á normativa urbanística previa á aprobación do PXOU, xa o artigo 85 do Real Decreto 1346/1976, do 9 de abril, polo que se aprobou o texto refundido da Lei do Solo, contemplaba:

"(...) Segunda. No se podrán realizar otras construcciones que las destinadas a explotaciones agrícolas que guarden relación con la naturaleza y destino de la finca y se ajusten en su caso a los planes o normas del Ministerio de Agricultura, así como las construcciones e instalaciones vinculadas a la ejecución, entretenimiento y servicio de las obras públicas. Sin embargo, podrán autorizarse, siguiendo el procedimiento previsto en el artículo cuarenta y tres punto tres, edificaciones e instalaciones de utilidad pública o interés social que hayan de emplazarse en el medio rural, así como edificios aislados destinados a vivienda familiar en lugares en los que no exista posibilidad de formación de un núcleo de población".

CUARTA.- Respecto da aplicación da normativa, o réxime transitorio aplicable aos municipios con planeamento non adaptado implica a aplicación en todo caso do réxime xurídico xeral do solo de núcleo rural previsto nos artigos 36 a 40 do RLSG, debendo entenderse que as limitacións que se regulen no planeamento respectivo están referidas unicamente aos parámetros urbanísticos ou posibilidades de utilización, pero non ao réxime xurídico do solo. En virtude da disposición derogatoria única tanto da LSG como do RLSG, enténdense derogados cantos preceptos de igual ou inferior rango, incluídas as determinacións do planeamento urbanístico, se opoñan ao disposto na lei e no seu regulamento. As normas de planeamento do concello teñen a consideración de disposición de carácter xeral, de conformidade co establecido no artigo 84.1 da LSG, polo que o punto 3 da Ordenanza 10 da normativa do PXOU de Culleredo se debe entender derogado e superado polo réxime previsto nos artigos 24 da LSG e 36 do RLSG.

QUINTA.- Nese mesmo sentido, procede referirse ao criterio da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, órgano consultivo ao que corresponde a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo conforme ao previsto no artigo 2.1.b) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a citada Xunta Consultiva. No seu informe do 19 de marzo de 2024, relativo ao "réxime aplicable ao solo incluído nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural de instrumentos de plan aprobados ao amparo da Lei 11/1985, do 22 de agosto, de adaptación da do solo a Galicia (Xerencia Rexional do Catastro de Galicia - A Coruña - Expediente XCP-24/011)" sinala que o solo incluído nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural de instrumentos de plan



ASINADO POR

O secretario xeral do Concello de Culleredo -FHN-
Rafael José del Barrio Berbel
18/03/2025



CONCELLO DE CULLEREDO

Código Seguro de Verificación: L2CA ACNZ LFRN MYEV W7H2

Resolución Nº 421 de 18/03/2025 "Resolución instrucción criterio interpretativo Ordenanza 10" - SEGRA 858156

A comprobación da autenticidade deste documento e outra información está dispoñible en <https://sede.culleredo.es/>

Páx. 3 de 5



ASINADO POR

O alcalde-presidente do Concello de Culleredo
José Ramón Rioboo Castro
18/03/2025



NIF: P1503100H

URBANISMO E PLANEAMENTO

Expediente 1448712A

Ref. Interna:
UAU/2025/VV/001

urbanístico aprobados ao amparo da LASGA resulta equiparable ao solo de núcleo rural, por imperativo da disposición transitoria primeira número 2 da LSG.

Ademais diso, realiza unha análise da evolución da normativa urbanística e o tratamento que se foi outorgando a eses ámbitos a través das diferentes normas que se foron sucedendo na nosa evolución lexislativa ata a actualidade. Conclúe que o réxime transitorio aplicable aos municipios con plan non adaptado supón a aplicación, en todo caso, do réxime xurídico xeral do solo de núcleo rural previsto nos artigos 36 a 40 do RLSG, debe entenderse que as limitacións que se regulan no plan respectivo están referidas unicamente aos parámetros urbanísticos ou posibilidades de utilización entendidas como réxime de usos, pero non ao réxime xurídico xeneral desta clase de solo. A anterior afirmación atopa o seu fundamento no marco do previsto na disposición derogatoria única tanto da LSG como do RLSG, en virtude das cales, enténdense derogados cuantos preceptos de igual ou inferior rango, incluídas as determinacións do plan urbanístico, opóñanse ao disposto na lei e no seu regulamento.

SIXTA.- Doutra banda, procede advertir que xa na tramitación de expedientes previos do servizo municipal de urbanismo tense sinalado que a Ordenanza 10 permite edificacións destinadas a vivenda unifamiliar e edificacións complementarias anexas ás mesmas, e que o réxime transitorio da disposición adicional primeira da vixente LSG, que sinala a aplicación ao solo non urbanizable de núcleo rural o disposto no planeamento respectivo, non conleva a inaplicación da restante normativa urbanística que resulte necesaria para concretar, complementar ou interpretar as previsións da ordenanza.

Tense valorado e resolto que non se trata dun solo non urbanizable ordinario e que a citada ordenanza 10 prevé expresamente a posibilidade de novas construcións illadas, sendo que as actividades edificatorias residenciais que se permiten resultan admitidas precisamente por tratarse de núcleos de poboación existentes. Considerando o seu conxunto de características, aínda que contando con aspectos propios de rústico e non urbanizable, na normativa urbanística municipal optouse por delimitalo como non urbanizable *de núcleo*. Noutro caso, o planeamento municipal non tería determinado na ordenanza 10 que *forman parte do núcleo*, e ben puido clasificalos como rústicos aos efectos que resultase de aplicación un réxime máis restritivo integramente.

Nese sentido, e como antecedente sinálase que a Lei 11/1985, do 22 de agosto, de adaptación da do Solo a Galicia, no artigo 21 concretaba:

"Os terreos dos núcleos rurais tradicionais clasificados como solo non urbanizable seguirán conservando a súa condición rural. O Plan Xeral ou as Normas Subsidiarias establecerán os usos prohibidos e deberán regularmentar-las condicións das edificacións, que han de ser congruentes coas características das existentes no núcleo (...)".

Tamén se consideraron, aos efectos de interpretación do planeamento, as previsións que no seu día recollía a circular informativa 3/2003, de 31 de xullo da Xunta de Galicia, derivada da aprobación no seu día tamén da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Sinala que os novos plans xerais de ordenación municipal deberán analizar o modelo de asentamento dos núcleos rurais do seu término municipal, e delimitar os núcleos e a súa área de expansión conforme aos criterios establecidos pola nova lei. Entre tanto non se producía a adaptación do plan, recolle o réxime de aplicación ao solo incluído no ámbito dos núcleos delimitados ao amparo da Lei 11/1985, de adaptación da do solo a Galicia e da Lei 1/1997, do solo de Galicia. Esta circular informativa tiña por obxecto coordinar a actuación das unidades administrativas da consellería encargadas de tramitar os expedientes de autorización autonómica para edificar nos núcleos rurais existentes en municipios sen planeamento xeral propio, ao amparo da disposición adicional segunda da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia:

"3. Ámbito de aplicación do réxime do solo de núcleo rural.

3.1. Nos municipios con planeamento xeral non adaptado á vixente Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, será de aplicación o réxime do solo de núcleo rural nos seguintes ámbitos:

(...) b) Municipios con planeamento aprobado ao amparo da Lei 11/1985, de adaptación da do solo a Galicia: no ámbito dos núcleos rurais tradicionais delimitados que están clasificados polo plan como solo urbano e como solo non urbanizable e para edificar nos terreos incluídos neste ámbito non será necesaria a previa autorización autonómica.(...)".

CONCLUSIÓN

O solo incluído nas delimitacións da Ordenanza 10 solo non urbanizable de núcleo rural do PXOU de Culleredo (instrumento de planeamento urbanístico aprobado ao abeiro da LASGA), resulta equiparable, para os efectos do seu réxime aplicable, ao solo de núcleo rural, por imperativo da disposición transitoria primeira número 2 da LSG.

Aplicaráselle as maiores limitacións que se regulan nos parámetros urbanísticos ou posibilidades de utilización da dita ordenanza, non ao réxime xurídico xeral do solo de núcleo rural, que será, en todo caso, o establecido no artigo 36 do RLSG.

Aos efectos de uniformar a información ás consultas que se formulan e facilitar unha información puntual e áxil aos cidadáns, así como axilizar as tramitacións dos expedientes PROPONSE aprobar a instrución co criterio interpretativo exposto respecto das solicitudes de información urbanística, licenzas de edificación e/ou segregación no solo incluído no ámbito de aplicación da ordenanza 10 do vixente PXOU, procedendo á súa publicación na web municipal.

A presente Instrución emítese ao amparo do artigo 6 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector Público, e será de aplicación a partir da data da súa aprobación, ata que sexa modificada ou derogada.""



ASINADO POR

O secretario xeral do Concello de Culleredo -FHN-
Rafael José del Barrio Berbel
18/03/2025



CONCELLO DE CULLEREDO

Código Seguro de Verificación: L2CA ACNZ LFRN MYEV W7H2

Resolución Nº 421 de 18/03/2025 "Resolución instrución criterio interpretativo Ordenanza 10" - SEGRA 858156

A comprobación da autenticidade deste documento e outra información está dispoñible en <https://sede.culleredo.es/>

Páx. 4 de 5



ASINADO POR

O alcalde-presidente do Concello de Culleredo
José Ramón Rioboo Castro
18/03/2025



NIF: P1503100H

URBANISMO E PLANEAMENTO

Expediente 1448712A

Ref. Interna:
UAU/2025/VV/001

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público; no Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, que aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do Sector Público por medios electrónicos; a Ordenanza municipal reguladora da Administración Electrónica no Concello de Culleredo, e demais normativa específica de aplicación.

De conformidade coas potestades e competencias municipais dos artigos 4, 7 e 25 e seguintes da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL); as atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 21.1 da LBRL; tendo en conta os informes que se citan,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aceptar o criterio interpretativo da Ordenanza 10 de solo non urbanizable de núcleo no PXOU de Culleredo no sentido antes razoado, sen modificar en ningún caso a clasificación do solo nin alterar as determinacións do planeamento municipal.

SEGUNDO.- Comunicalo aos técnicos das áreas/servizos municipais afectados: Área de Ordenación do territorio; Asesoría xurídica.

TERCEIRO.- Para xeral coñecemento, publícalo na páxina web municipal.

Culleredo, na data da sinatura dixital,

Resolución asinada á marxe polo Alcalde-Presidente a proposta da Xefatura de área de Ordenación do territorio e medio ambiente (por atribución temporal de funcións, resolución Nº 2005/2024 do 26.11.2024) tramitadora do expediente (conforme arts. 172 e 175 do RD 2568/1986, do 28 de novembro)

Asinada á marxe pola Secretaría Xeral para a súa incorporación ao libro de resolucións (conforme art. 3.2 do RD 128/2018, de 16 de marzo, art. 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, e art. 177 do RD 2568/1986, do 28 de novembro)



ASINADO POR

O secretario xeral do Concello de Culleredo -FHN-
Rafael José del Barrio Berbel
18/03/2025



CONCELLO DE CULLEREDO

Código Seguro de Verificación: L2CA ACNZ LFRN MYEV W7H2

Resolución Nº 421 de 18/03/2025 "Resolución instrucción criterio interpretativo Ordenanza 10" - SEGRA 858156

A comprobación da autenticidade deste documento e outra información está dispoñible en <https://sede.culleredo.es/>